



# INMUNIZACIÓN PASIVA FRONTE AO VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL (VRS)



Campaña 2024-2025

## QUE É?

**Nirsevimab** é un anticorpo monoclonal de vida media estendida que bloquea a entrada do VRS na célula. Por tratarse dun anticorpo, conséguese unha resposta rápida e directa fronte á enfermidade grave por VRS. O nome comercial é **Beyfortus®**.

## PRESENTACIÓN

- **50 mg (émbolo morado):** lactantes con menos de 5 kg de peso.



- **100 mg (émbolo azul):** lactantes con 5 ou máis kg de peso.



## CONSERVACIÓN

- En neveira (2-8° C).
- Non conxelar.
- Non axitar ni expoñer á calor directa.
- Conservar na embalaxe orixinal.
- Pódese manter á temperatura ambiente (20-25° C) durante un máximo de 8 horas, protexido da luz.

## ADMINISTRACIÓN

Vía intramuscular, cara anterolateral da coxa.

Pódese coadministrar con outras vacinas do calendario, de ser preciso.



## INDICACIÓNS

### NENOS SEN FACTORES DE RISCO

- **Nados na campaña ( do 23 de setembro de 2024 ao 31 de marzo de 2025):** inmunización no hospital tras o nacemento (24-48 horas, preferentemente 24 horas).
- **Nados antes da campaña (dende o 1 de abril de 2024):** serán citados no hospital de referencia e/ou en Atención Primaria (cabeceiras de servizo).

### PREMATUROS CON IDADE XESTACIONAL < 35 SEMANAS

menores de 12 meses no momento da administración. Citaranse no hospital de referencia.

### POBOACIÓN INFANTIL CON ALTO RISCO DE ENFERMIDADE GRAVE POR VRS

que teña menos de 24 meses no momento da administración. Citaranse no hospital de referencia.

## REXISTRO



A administración de Beyfortus® deberá quedar rexistrada **no módulo de vacinas do IANUS** (Vaweb en hospitais privados), baixo o nome **VRS AC**. Ademais seleccionárase a indicación correspondente tendo en conta a data de nacemento:

- **nados durante a campaña:** nados entre o 23 de setembro de 2024 e o 31 de marzo de 2025.
- **rescate en nenos/as sans/sas:** nados entre o 1 de abril de 2024 e o 22 de setembro de 2024.
- **prematuro**
- **alto risco**